Exercicios de autoavaliación

Unidade 5

1. Cal é o país europeo que hexemoniza politicamente a segunda metade do século XVII?

2. Que dúas grandes filosofías caracterizan o século XVII en Europa?

3. Aínda que houbo tantos tipos de barrocos como estados, que fondo común existe nesa cultura?

4. Que xéneros teatrais compuxo Shakespeare?

5. Cal é a denominación, e por que, da poesía inglesa do XVII?

6. Cales son os tres grandes autores teatrais da Francia do século que estudamos?

7. Cita algunha comedia de Molière.

8. Cita tres científicos-literatos da época barroca.

9. Como é a situación do teatro italiano no XVII?

10. Relaciona os autores da columna da esquerda con cadansúa obra, na columna da dereita, e indica o país a que corresponden.

a. Shakespeare	1. *Pensamentos*
b. Molière	2. *A cerva e a pantera*
c. John Milton	3. *O aventureiro Simplicius Simplicissimus*
d. Boileau	4. *A cidade do sol*
e. Madame La Fayette	5. *Hamlet*
f. Corneille	6. *Cid*
g. Campanella	7. *O avaro*
h. von Grimmelshausen	8. *A princesa de Clèves*
i. John Dryden	9. *O paraíso perdido*
l.Pascal	10. *Arte poética*

Solucións aos exercicios de autoavaliación da unidade 5

1. Será Francia, que, tras a Paz de Westfalia, tomará o relevo de España no predominio do absolutismo europeo.

2. O racionalismo, coa figura central de Descartes, e tamén Spinoza e Leibniz, e o empirismo, dominante en Inglaterra coas filosofías de Bacon, Hobbes e Locke.

3. O Barroco, como creación cultural produto da Contrarreforma e do concilio de Trento, estivo baixo a dirección última do poder absoluto. Como trazo común ás diversas execucións culturais dos distintos estados, destaca o reforzamento dos sentimentos, a grandiosidade e dinamismo da figuración, sobre todo, relixiosa, e o fincapé na recepción social.

4. Dramas históricos, comedias e traxedias.

5. Denomínase *poesía metafísica* pola notoria presenza de contidos filosóficos e relixiosos. Nesta poesía hai unha densidade temática, un destacado carácter reflexivo e unha prioritaria finalidade moral e transcendental.

6. Corneille, Racine e Molière.

7. *O médico a paus, As mulleres sabias, Tartufo ou o hipócrita, O misántropo, O avaro, O burgués xentilhome, O enfermo imaxinario*.

8. Galileo, Kepler, Newton, Giordano Bruno…

9. Ademais das mostras cómicas e populares da *Commedia dell Arte*, tamén destaca o melodrama.

10. a (5), b (7), c (9), d (10), e (8), f (6), g (4), h (3), i (2), l (1)